



Estimadas familias:

Debido á publicación no DOGA, na cal se expón que os centros educativos deberán permanecer fechados dende o luns 16 de marzo durante 14 días naturais, vémonos na obriga de cerrar a escola durante o período indicado.

Dende A Casa do Rock non queremos que o alumnado perda a continuidade das clases. Estas medidas que son necesarias para a saúde pública queremos que afecten o menos posible ao desenvolvemento do curso, polo tanto propoñemos as seguintes opcións:

1-Facer clases online (Skype, aula virtual ou plataformas similares): o noso profesorado dispón dos recursos didácticos para adaptarse ás clases vía internet.

2-Pospoñer as clases alargando o período lectivo durante 15 días en xullo, dando as aulas destas dúas semanas durante o período citado.

3-Recuperar as clases de aquí a finais de curso en fins de semana (sábado ou domingo en horario de mañá e tarde). Especialmente pensado para o alumnado de clases colectivas como Combo, Teatro Musical, Iniciación á música ou iniciación aos Ritmos, Harmonía ou Linguaxe Musical.

Trataremos de citar ao alumnado dende abril ata finais de curso.

Vémonos na obriga de tomar estas medidas excepcionais impostas polas autoridades sanitarias para garantir a seguridade do alumnado.

Asinado:

A Dirección A Casa do Rock.